



BASES COMPETICIÓN DE WEBSERIES 2017

Convocatoria de presentación de webseries a competición da IV Edición do Festival de Contidos Dixitais CARBALLO INTERPLAY que terá lugar do 3 ao 6 de Maio no Concello de Carballo (Galicia).

CONDICIÓN XERAIS

Poderán inscribirse webseries dende data de lanzamento destas bases **ata o 31 de Marzo de 2017**.

A inscrición farase desde a web do festival cubrindo debidamente o **formulario de inscrición online**.

Poderán presentarse a concurso aquelas webseries **producidas entre os anos 2015 e 2017** que teñan un **mínimo de 3 capítulos** emitidos no momento de inscrición. Os episodios inscritos poden ser de calquera duración, temática, xénero, de imaxe real ou animación, **nacionais ou internacionais**.

SELECCIÓN

De resultar seleccionada a organización contactará co/as creadores/as da webserie para solicitar o envío dos capítulos en boa resolución a través de WeTransfer, ou servizo similar unha captura de vídeo dun minuto e outro materiais promocionais (fotogramas, cartel...).

SUBTITULADO

Os traballos que entren a concurso **deberán estar subtitulados ao galego ou castelán** no caso de non ser a versión orixinal en calquera destes dous idiomas.

XURADO

O xurado estará composto por diferentes profesionais do mundo das webseries, do audiovisual e da cultura, así como de representantes de asociacións profesionais relacionadas co sector.

Os membros do xurado daranse a coñecer a través da páxina web do festival. A decisión do xurado é inapelable.

PREMIOS

Os premios outorgados serán os seguintes.

MELLOR WEBSERIE IMAXE REAL // 800 euros e trofeo
MELLOR WEBSERIE ANIMACIÓN // 800 euros e trofeo
MELLOR WEBSERIE INTERNACIONAL // 800 euros e trofeo
MELLOR WEBSERIE VO GALEGO // 800 euros e trofeo
PREMIO DO PÚBLICO // 400 euros e trofeo
PREMIO GREA MELLOR DIRECCIÓN // 200 euros e trofeo
PREMIO AGAG MELLOR GUIÓN // 200 euros e trofeo
MELLOR ACTRIZ // trofeo
MELLOR ACTOR // trofeo

As webseries producidas en Galicia poderán optar aos dous premios de Mellor Webserie e Mellor Webserie VO Galego. En todo caso só poderán optar ao premio á MELLOR WEBSERIE VO GALEGO aqueles traballos cuxa **versión orixinal sexa en lingua galega**. A organización resérvase o dereito a deixar deserto o premio en caso de que non concorran a concurso un mínimo de tres webseries no devandito idioma.

As webseries producidas fóra de España só poderán optar ao premio de MELLOR WEBSERIE INTERNACIONAL.

En caso de que o xurado decida que dúas webseries resultan premiadas na mesma categoría a dotación económica repartirase a partes iguais entre as gañadoras.

O público asistente ás proxeccións elixirá o premio do público mediante un sistema de votación por papeletas.

Os premios estarán suxeitos ás posibles retencións fiscais que a lei estableza.

Ningún dos organizadores do festival poderán presentar traballos, en caso de telos, a concurso.

OBRIGAS DOS PREMIADOS/AS

Os/as creadores/as das webseries premiadas ou algún representante das mesmas deberán estar presentes na entrega de premios que terá lugar o **sábado 6 de de maio de 2017 no auditorio do Pazo de Cultura de Carballo**. O festival comunicará a decisión con tempo abondo para organizar a asistencia e farase cargo dos gastos de aloxamento dos/as premiados/as.

COMUNICACIÓN

O festival resérvase o dereito de tomar unha mostra das webseries seleccionadas para usar no tráiler oficial, ademais do dereito sobre o uso dos materiais (fotogramas/foto- grafías/cartel, etc.) para a promoción (programa impreso, cartel, prensa, internet, redes sociais, etc.) deste.

DEREITOS DE EXHIBICIÓN

O festival presupón que os/as titulares das webseries presentadas ostentan todos os dereitos de exhibición e promoción das obras e materiais presentados e declina calquera responsabilidade respecto á infracción desta norma. Ao enviar os materiais a concurso os/as titulares/as están de acordo en ser os/as propietarios/as e a estar autorizados a utilizar todos os dereitos sobre a música, vídeo e efectos que figuran na webserie. O festival non se fará responsable das reclamacións que xurdan do incumprimento do creador/a ou produtora que presente a webserie de non posuír axeitadamente os dereitos sobre o material que envíe.

A solicitude de inscrición para participar na III edición do CARBALLO INTERPLAY implican a aceptación destas bases.



CARBALLO INTERPLAY, 2017